

Tema 4

A melodía


- ◆ Melodía.
- ◆ Ton e semitón.
- ◆ Intervalos: definición e clasificación.
- ◆ Escalas: diatónica, cromática e pentatónica.
- ◆ Grados da escala.
- ◆ Liña melódica; frase.
- ◆ Matices: termos básicos e abreviaturas.

1. Melodía.

- » Nunha melodía encontramos dous elementos fundamentais: O material sonoro e a idea musical.
- » Para converterse en melodía os sons han de estar ordenados. O primeiro ordenamento dos sons é a escala. Despois o compositor ordena os sons no tempo.
- » Podemos definir a melodía como unha sucesión de sons ordenados con criterio estético e atendendo a unha idea musical.

2. Semitón e ton.

- » O semitón é a diferenza de altura máis pequena que podemos encontrar entre dúas notas dunha escala.
- » O ton é a suma de dous semitóns.



»As teclas do piano están colocadas a distancia de medio ton (brancas e negras).



3. Intervalos: definición e clasificación.

- » Entendemos por intervalo a distancia entre dous sons, a diferencia de altura. A maneira de medilos e con tons e semitóns.



- » O seu nome ven dado polo número de notas que abarca: de segunda, de terceira, de cuarta, de quinta, de sexta, de sétima, de oitava...



de segunda



de terceira




de cuarta




de quinta

- » Atendendo á súa progresión poden ser: Ascendentes (si van de nota grave a outra aguda) Descendentes (si van de agudo a grave)



- » Pola maneira de interpretalos poden ser: armónicos (os sons prodúcense de maneira simultánea) ou melódicos (os sons prodúcense un detrás doutro).



- » Tamén reciben o cualificativo de conxuntos (si as notas son correlativas) ou disxuntos (si caben outras notas no medio).




- » Polo número de notas que abarcan poden ser: simples (si teñen menos dunha oitava) ou compostos (si pasan da oitava).



4. Escalas: diatónica, cromática e pentatónica.

- » Chamamos escala a unha sucesión ordenada de notas.
- » Podemos distinguir varios tipos de escalas:

? Diatónica: Ten sete sons con cinco tons e dous semitóns



? Cromática: É unha escala de doce sons colocados sempre a distancia de medio ton.



? Pentatónica: Ten cinco sons e non pode haber ningún a distancia de semitón.



5. Graos da escala diatónica.

- » Cada un dos sons da escala enumérase por grados. Así a primeira nota será o primeiro grao, a segunda o segundo e sucesivamente.
- » Os graos da escala diatónica son sete e teñen nome:

I	II	III	IV	V	VI	VII
Tónica	Supertónica	Mediante	Subdominante	Dominante	Superdominante	Subtónica ou sensible
DO	RE	MI	FA	SOL	LA	SI
MI	FA	SOL	LA	SI	DO	RE
SOL	LA	SI	DO	RE	MI	FA

6. Liña melódica: frase.



- » Unha melodía debe estar ben estruturada. As melodías están formadas por frases (fragmento con sentido propio con terminación en cadencia) e as frases por membros e incisos. (esto verémolo mais adiante no tema 7 "a forma")

7. Matices: termos básicos e abreviaturas.

- » As variacións de intensidade do sonido constituen a dinámica dunha obra. Así conseguimos dar ás obras maior expresividade e efectos de contraste para romper a monotonía.
- » Os termos ou abreviaturas empregados como indicativos de dinámica aparecen na seguinte taboa:

Término italiano	Pianissimo ←———— Piano	Mezzo piano	Mezzo forte	Forte —————→ Fortissimo
Abreviatura	<i>ppp</i> <i>pp</i> <i>p</i>	<i>mp</i>	<i>mf</i>	<i>f</i> <i>ff</i> <i>fff</i>
Significado	Moi suave Suave	Menos suave	Menos forte	Forte Moi forte

- » En toda obra podemos facer variacións de intensidade de forma gradual, conseguindo que o volumen aumente ou diminúa progresivamente. Este cambio denomínase gradación da intensidade . Na partitura estes cambios pódense representar mediante termos italianos ou mediante signos gráficos.

Término	Abreviatura	Significado	Reguladores
<i>Crescendo</i>	<i>Cresc.</i>	Aumentando o volumen sonoro	
<i>Diminuendo</i>	<i>Dim.</i>	Diminuindo o volumen sonoro	

POSIBLES PREGUNTAS DE CONTROL

➡ Completa:

Podemos defini-la melodía como unha _____

➡ Completa:

A diferenza de altura máis pequena que podemos encontrar entre dúas notas dunha escala é o _____. O tono é a suma de dous _____

➡ Completa:

Entendemos por _____ a distancia entre dous sonidos.

A maneira de medilos e con _____ e _____

O seu nome ven dado polo _____

Atendendo á súa progresión poden ser:

_____ : si van de nota grave a outra aguda

_____ : si van de agudo a grave

➡ Completa:

Chamamos _____ a unha sucesión ordenada de notas.

_____ Ten doce sonidos colocados sempre a distancia de medio tono.

_____ Ten cinco sonidos e non pode haber ningún a distancia de semitono.

_____ Ten sete sonidos con cinco tonos e dous semitonos

➡ Pon o nome dos sete grados da escala:

I _____ II _____ III _____ IV _____

V _____ VI _____ VII _____

➡ Pon o símbolo que corresponda a cada término:

Fortissimo	Forte	Mezzoforte	Piano	Pianissimo

Crescendo		Diminuendo	
-----------	--	------------	--